

## BASES COMPETICIÓN FASE DE CLASIFICACIÓN XUVENIL FEMININA

(APROBADAS POLA ASEMBLEA XERAL DO 12-06-22)

### FASE DE CLASIFICACIÓN

#### EQUIPOS PARTICIPANTES FASE CLASIFICACIÓN:

EQUIPOS PARTICIPANTES			
1	Balonmano Porriño "A"	8	Hierros Varela Urbieta Xiria
2	Calfrima Carballal	9	Rasoeiro Bm.
3	Vitaldent Bm. Cangas	10	De Pueblo Carnicería Bm. Pabellón
4	Mecalia Atl. Guardés	11	Serfis Bm. Cañiza
5	Coreti Lalín	12	Bm. Brigantium Nunegal
6	UB. Lavadores Vigo	13	As Choqueiras de Redondela
7	SAR Rodavigo	14	Bm. Caselas

\*O sorteo realizouse tomando os equipos enumerados do 1 ao 4 coma cabezas de serie, tendo en conta a clasificación da tempada pasada.

#### FASE DE CLASIFICACIÓN

- **Comezo:** 04-09-22
- **Nº Equipos:** 14
- **Nº Grupos:** 4
- **Composición dos grupos:** 2 grupos de 4 equipos cada un e 2 grupos de 3 equipos.
- **Grupos:**

GRUPO A		GRUPO B	
1	Mecalia Atl. Guardés	1	Balonmano Porriño A
2	SAR Rodavigo	2	UB. Lavadores
3	De Pueblo Carnicería Bm. Pabellón	3	Bm. Brigantium Nunegal
4	As Choqueiras de Redondela	4	Bm. Caselas

GRUPO C		GRUPO D	
1	Vitaldent Bm. Cangas	1	Calfrima Carballal
2	Coreti Lalín	2	Hierros Varela Urbieta Xiria
3	Serfis Bm. Cañiza	3	Rasoeiro Bm.

- **Formato:** Liga a unha volta todos contra todos dentro de cada grupo. Os cabezas de serie establécense en función da clasificación do ano anterior. Nos grupos impares aos cabezas de serie no sorteo asignóuselles o número 1 automaticamente para que lles permita disputar a maioría dos encontros coma locatario.
- **Datas:**

XORNADA	DATA
1	Entre o 29 de agosto e o 4 de setembro de 2022
2	Entre o 05 e o 11 de setembro de 2022
3	Entre o 12 e o 18 de setembro de 2022

- **Arbitraxes:** O importe do fondo arbitral (120 €) facturarase ao equipo locatario de cada xornada.

#### CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES:

- Os dous primeiros clasificados de cada un dos catro grupos serán os cabeza de serie nos Play Off, sorteando en primeiro lugar aos primeiros clasificados e en segundo lugar aos segundos.
- Será de carácter obrigatorio a disputa dos Play Off para todos os participantes na Fase de Clasificación a renuncia a disputalos implicará a mesma sanción que a retirada dun equipo en calquera competición oficial.
- A Fase de Clasificación e mesmo os Play Off terán a consideración de categoría de 2ª División a efectos da normativa de cambio de equipo dun xogador na mesma tempada; agás no momento no que un equipo acade o ascenso, xa que a consideración da categoría pasará a ser de división de honra, polo tanto eses xogadores non poderán cambiar de equipo na mesma tempada.
- O Seguro Deportivo obrigatorio entrará en vigor o 1 de agosto de 2022, todas as xogadoras deberán ter o seguro correctamente tramitado para a disputa desta competición.
- En caso de que por calquera motivo haxa grupos con diferente número de equipos, os criterios de desempate para determinar o mellor clasificado nun posto determinado será o **Criterio FGBm.**

#### CRITERIO FGBM.:

- **COMO DETERMINAR OS MELLORES TERCEIROS CLASIFICADOS SE HAI GRUPOS DE TRES E CATRO EQUIPOS:** Elimínase o resultado co 4º clasificado nos grupos de catro equipos. Esa eliminación do resultado nunca alterará o posto na clasificación de cada grupo, simplemente afectará aos goles a favor, goles en contra e diferenza de goles.

- **COMO DETERMINAR OS MELLORES SEGUNDOS CLASIFICADOS SE HAI GRUPOS DE TRES E CATRO EQUIPOS:** Elimínase o resultado co 4º clasificado nos grupos de catro equipos. Esa eliminación do resultado nunca alterará o posto na clasificación de cada grupo, simplemente afectará aos goles a favor, goles en contra e diferenza de goles.
- **COMO DETERMINAR OS MELLORES ÚLTIMOS CLASIFICADOS SE HAI GRUPOS DE TRES E CATRO EQUIPOS:** Cando xa teñamos os mellores terceiros, elimínase o resultado co 3º clasificado nos grupos de catro equipos. Esa eliminación do resultado nunca alterará o posto na clasificación de cada grupo, simplemente afectará aos goles a favor, goles en contra e diferenza de goles.